

6 Os medios naturais de España e de Galicia

1 O relevo de España

1.1 O relevo peninsular

O relevo peninsular organízase arredor dunha elevada meseta central.

- A **Meseta Central** é unha chaira elevada. No seu interior hai macizos montañosos antigos, como o Sistema Central, que a divide en dúas metades ou submesetas norte e sur, e os Montes de Toledo. Tamén ten concas fluviais, como a do río Duero na submeseta norte, e as dos ríos Tago e Guadiana, na submeseta sur.
- Os **rebordos montañosos** da Meseta son o Macizo Galaico-Leonés, a cordilleira Cantábrica, o Sistema Ibérico e Serra Morena.
- Os **relevo periféricos** da Meseta son cordilleiras, como os Montes Vascos, os Pireneos, a cordilleira Costeiro-Catalá e as cordilleiras Béticas; depresións, como as ocupadas polos ríos Ebro e Guadalquivir.

1.2 O relevo de Baleares e de Canarias

En Baleares, a principal cadea montañosa é a Serra Tramuntana, en Mallorca. E en Canarias, destaca o volcán do Teide (Tenerife), o pico máis alto do arquipélago e de España (3 718 m).



► En xeral, o relevo español ten unha elevada altitude media e é bastante montañoso.



Tarefas para progresa

▼ Usar o vocabulario

- 1 Nomea as unidades de relevo que se dispoñen no interior da Meseta Central.

.....

.....

.....

- 2 Escribe os nomes das tres grandes unidades do relevo andaluz.

.....

.....

▼ Obter información


- 3 Con axuda do mapa da páxina anterior, ordena de norte a sur e de oeste a leste estes rebordos montañosos da Meseta: cordilleira Cantábrica, Macizo Galaico-Leonés, Serra Morena e Sistema Ibérico.

.....

.....


▼ Localizar información no espazo

- 4 Localiza no mapa da páxina anterior as alturas que se encontran no esquema de abaixo, e di en que sistema montañoso se encontran:



- a)
- b)
- c)
- d)
- e)

- 5 Escribe os nomes das unidades de relevo sinaladas neste mapa:



1. 2.
3. 4.
5. 6.

▼ Organizar a información

- 6 Completa este cadro resumo:

MESETA CENTRAL				
UNIDADES INTERIORES		REBORDOS MONTAÑOSOS	RELEVOS EXTERIORES	
MACIZOS ANTIGOS	CONCAS FLUVIAIS	-	CORDILLEIRAS	
-	-	-	-	
-	-	-	-	
-	-	-	-	
-	-	-	-	
-	-	-	DEPRESIÓNES	
-	-	-	-	
-	-	-	-	

2 Os medios naturais

2.1 O medio oceánico



O medio oceánico **esténdese** polo norte e polo noroeste da Península.

Ten un relevo montañoso, con fortes pendentes, e escasos terreos chairos.

O **clima** é oceánico, con temperaturas suaves e precipitacións abundantes, e a **vexetación** típica é o bosque caducifolio de carballos e faias, a matogueira e os prados.

As **actividades tradicionais** deste medio eran a gandería, a explotación do bosque e unha agricultura que proporcionaba todos os alimentos necesarios: patacas, hortalizas, millo, froitas, etc.

As **actividades modernas** son a agricultura especializada en cultivos de horta e forraxes para o gando; a gandería estabulada de carne e leite; as industrias agroalimentaria, metálica e de maquinaria; e o turismo rural.



► Climograma de Santander.

2.2 O medio mediterráneo


O medio mediterráneo **esténdese** polo interior e pola costa mediterránea peninsular, as illas Baleares, Ceuta e Melilla. Presenta as seguintes características:

- O **relevo** é chairo e de elevada altitude media no interior peninsular; chairo e baixo na costa mediterránea, e montañoso na área prelitoral.
- O **clima** é mediterráneo. As temperaturas son contrastadas no interior e suaves na costa; as precipitacións, escasas, con seca no verán.
- A **vexetación** característica é o bosque perennifolio de aciñeiras e sobreiras, a matogueira, e a estepa nas zonas máis áridas do sueste.

As **actividades tradicionais** eran a gandería trashumante e a agricultura. Esta agricultura era de secaño no interior (trigo, vide e oliveira) e de regadío na costa mediterránea (hortas e árbores froiteiras).

As **actividades modernas** son os cultivos baixo plástico, a gandería intensiva, a industria e o turismo.

► Climograma de Cádiz.



Tarefas para progresar

▼ Usar vocabulario

7 Sinala a frase que coincide coa característica do clima oceánico:

- a) O clima oceánico caracterízase por temperaturas suaves e escasas precipitacións. ☐
- b) O clima oceánico caracterízase por temperaturas extremas e precipitacións abundantes. ☐
- c) O clima oceánico caracterízase por temperaturas suaves e precipitacións abundantes. ☐

▼ Producir textos

8 Responde estas cuestións observando os mapas da páxina anterior:

a) Por onde se estende o medio oceánico?

.....

.....

b) Por onde se estende o medio mediterráneo?

.....

.....

▼ Comprender información gráfica

9 Observa o climograma de Santander, e di en que mes ou meses se producen:

a) As temperaturas máis baixas.

.....

b) As temperaturas máis altas.

.....

c) As maiores precipitacións.

.....

d) As precipitacións máis baixas.

.....

▼ Relacionar informacións

10 As seguintes frases refírense ao relevo mediterráneo. Relaciona as da columna superior coas da columna inferior:

- a) O relevo do interior peninsular é...
- b) O relevo costeiro é...
- c) Na área prelitoral, o relevo é...
- 1) chaira e baixo no litoral.
- 2) accidentado e montañoso.
- 3) chaira e de elevada altitude media.

.....

11 Asocia esta imaxe cunha actividade tradicional oceánica ou mediterránea. Despois, explica por que chegaches a esa conclusión:




.....

.....

▼ Organizar a información

12 Confecciona un esquema de chaves coas principais actividades, tradicionais e modernas, do medio mediterráneo.



2.3 O medio de Canarias

As Illas Canarias teñen un **relevo volcánico** e accidentado. O seu **clima** é **subtropical**, con temperaturas cálidas todo o ano e precipitacións escasas e irregulares. A **vexetación** é orixinal, con especies como o cardón, a tabaiba, o drago, a laurisilva e o faial-brezal.

A **actividade tradicional** de Canarias era a agricultura. No interior cultivábanse varios produtos de secano en socalcos (trigo, patacas), mentres que a costa se especializaba nun só produto regado (cana de azucre).

As **actividades modernas** son a agricultura de plátano e tomate na costa, e, sobre todo, o turismo de sol e praia.



2.4 O medio de montaña


O medio de montaña localízase nos sistemas montañosos por enriba dos 1 000 m de altitude. Presenta as seguintes características:

- O **relevo** é accidentado.
- O **clima** ten temperaturas baixas e precipitacións abundantes, que caen en forma de neve no inverno.
- A **vexetación** gradúase en altura: bosques, matogueiras e prados.

As **actividades tradicionais** de montaña eran a agricultura de varios cultivos, a gandería e a explotación forestal.

As **actividades modernas** son a extracción de minerais e de rochas, os recursos hídricos e o turismo en diferentes modalidades: deportes de neve, excursionismo, sendeirismo, alpinismo e actividades de aventura.

► Localización dos medios de montaña.



Tarefas para progresar

▼ Producir textos

- 13** Cita dúas características que definan o relevo canario.

.....

.....

- 14** Escribe dúas características do medio de montaña.

.....

.....

.....

▼ Obter información

- 15** Por enriba de que altitude se localiza o medio de montaña nos sistemas montañosos? Sinala cun X a resposta correcta:

a) A máis de 8 000 m de altitude

☐


b) A máis de 1 000 m de latitude

☐

c) A máis de 1 000 m de altitude

☐

- 16** Pon o nome a cada chanzo da vexetación de montaña:



▼ Localizar información no espazo

- 17** Axúdате do mapa inferior e cita dez provincias onde se dá o medio de montaña.



1) 2)

3) 4)

5) 6)

7) 8)

9) 10)

▼ Organizar a información

- 18** Completa este cadro resumo:

MEDIO CANARIO		
RELEVO	CLIMA SUBTROPICAL	
	TEMPERATURAS	PRECIPITACIÓNS

3 O medio natural de Galicia

3.1 As unidades do relevo

No **relevo** galego poden diferenciarse catro unidades morfolóxicas principais: as serras, as chairas, os vales e as formas costeiras.

- As **serras** presentan, polo xeral, perfil suave e cumes aplanados, e poden agruparse, segundo a súa localización, en catro grandes conxuntos: serras litorais, serras setentrionais, serras centrais, e serras orientais e suro-orientais; nestas últimas atópanse as maiores alturas.
- As **formas costeiras** son moi variadas debido á enorme extensión da costa galega (1 500 km). As **rías** e os **grandes cabos** constitúen os elementos máis destacados.

A costa galega pode dividirse en cinco tramos diferenciados: Mariña de Lugo, Rías Altas, Golfo Ártabro, Costa da Morte e Rías Baixas.

3.2 Os ríos

Galicia conta cunha **densa rede fluvial**, con caudal abundante e réxime regular debido á abundancia e á regularidade das precipitacións:

- A **vertente cantábrica** ten ríos curtos porque nacen preto do mar, nas serras setentrionais: Eo ou Sor.
- A **vertente atlántica** ten ríos máis longos porque nacen nas serras centrais e orientais: Tambre, Ulla, Miño, Sil ou Limia.

3.3 Os climas e a vexetación

O clima oceánico suave e chuvioso presenta en Galicia catro variantes climáticas debidas á influencia da altitude, a latitude e a proximidade ao mar:

- O **oceánico húmido**, propio da costa, caracterízase por precipitacións elevadas e contrastes térmicos escasos.
- O **oceánico continental**, propio das chairas e vales do interior, caracterízase por precipitacións menores, e invernos fríos e veráns calorosos.
- O **oceánico mediterráneo**, propio dos vales interiores do Sil e do Miño, caracterízase por precipitacións escasas, e gran contraste térmico entre o inverno e o verán.
- O **oceánico de montaña**, propio das serras centrais e orientais, caracterízase por precipitacións altas (de neve no inverno), e invernos fríos e veráns frescos.

A **vexetación** natural de Galicia está constituída por bosques caducifolios nos que predominan carballos, matogueiras de breixo, toxos e xestas, e praderías. Non obstante, boa parte deste bosque foi substituído por eucaliptos e piñeiros para a explotación forestal.




► Mapa físico de Galicia.


Tarefas para progresar

▼ Localizar información no espazo


- 19** Escribe no seguinte mapa os mares, os países e as comunidades autónomas que limitan con Galicia.



- 20** Localiza neste mapa os principais ríos galegos e escribe os seus nomes.



- 21** Escribe onde corresponda no mapa as variantes climáticas do clima oceánico galego: húmido, continental, mediterráneo, de montaña.



▼ Obter información

- 22** En que catro grandes conxuntos se agrupan as serras galegas?

.....

.....

.....

.....

▼ Organizar a información

- 23** Completa a seguinte táboa sobre as características dos climas galegos.

CLIMAS	CARACTERÍSTICAS
HÚMIDO	
CONTINENTAL	
MEDITERRÁNEO	
DE MONTAÑA	